

INSTRUMENTOS MUNICIPAIS PARA A LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS:

- **IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2017- 2020:** é o instrumento orientador fundamental da política municipal e constitúe o marco de actuación sobre o que desenvolver as políticas locais de xénero nos vindeiros anos.
- **Compostela, Territorio das Mulleres:** espazo de confluencia para os recursos que están traballando a prol da igualdade de xénero na cidade .
- **Observatorio de igualdade de xénero:** instrumento creado para visibilizar e analizar as fendas de xénero que atravesan as diferentes esferas das nosas vidas, e por outra banda, crear e deseñar ferramentas para transversalizar o enfoque de xénero nas políticas municipais. [tm.santiagodecompostela.gal/gl/observatorio]
- **Casa das Mulleres Xohana Torres:** espazo de empoderamento e transformación social que posibilita a expresión da veciñanza e dos colectivos feministas e de mulleres na construción dunha sociedade máis igualitaria.
- **Compostela en Negro:** campaña de sensibilización e denuncia social contra as violencias machistas. Trátase dunha acción que naceu no ano 2015 e que traspasou os límites municipais incluíndo a participación de forma coordinada dunha rede ampla formada por deputacións provinciais e concellos galegos.
- **Liñas de axudas para a promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero** en entidades: contribúen a financiar os programas e actividades en prol da igualdade efectiva de mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas.
- **"Recicla o Xénero":** actividade formativa para abordar a loita contra a violencia de machista e fomentar a cultura da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na poboación máis nova.
- **Obradoiros de empoderamento para as mulleres que viven no rural:** a súa finalidade é favorecer o crecemento persoal, o benestar e a calidade de vida das mulleres que viven no rural. Trátase dunha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Medio Rural en colaboración coa Concellaría de Igualdade no ano 2016.
- **Punto Lila de información e atención sobre as violencias machistas:** para sensibilizar e lembrarlle á cidadanía que nas festas a igualdade e o respecto deben estar sempre garantidos e ofrecer información, acompañamento e primeira atención a calquera muller que puidese vivir un episodio de violencia machista durante as festas.

RECURSOS E INSTRUMENTOS MUNICIPAIS PARA A LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS:

CIM: Servizo de información ás mulleres que proporciona de forma permanente asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación laboral e sociolaboral así como calquera outra información encaixada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Isaac Díaz Pardo 2- 4
Tel 981 542 465
Horario: De luns a venres de 9,00 a 14 horas.

Policía nacional: 091- 981551100

Policía local: 092-981542 323

Colexio de avogados/as de Santiago de Compostela: 981581713

Urxencias sanitarias: 061

Hospital Clínico Universitario: 981 950 030 (urxencias)

Emerxencias: 112

Outros recursos de ámbito estatal e autonómico:

016 – 016 –online@msssi.es: Servizo de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero.

Teléfono das Mulleres: 900400273

Programa Abramós o Círculo: Programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións de parella e familiares e desexan adquirir novos modelos de comportamentos exentos de agresividade. Colexio de Psicología de Galicia (630170140)

INSTALACIÓN EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

DO 17 AO 26 DE NOVEMBRO, 2018
PRAZA DO OBRADOIRO




A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES É O CRIME MÁIS ENCUBERTO E NUMEROSO DO MUNDO

A violencia machista constitúe un grave atentado directo e inmediato contra a dignidade, os dereitos individuais, a calidade de vida e a saúde física e mental das mulleres. É a manifestación máis extrema das desigualdades de xénero e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

Na Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller aprobada pola Asemblea Xeral da ONU (1993) defínese como *“todo acto violento baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública coma na privada”*

ÁMBITOS




TIPOS DE VIOLENCIAS



CALQUERA OUTRA FORMA QUE LESIONE OU SEXA SUSCEPTIBLE DE LESIONAR A DIGNIDADE, A INTEGRIDADE OU A LIBERDADE DAS MULLERES

UN DOS LUGARES MÁIS PERIGOSOS PARA AS MULLERES É A SÚA PROPIA CASA


CARACTERÍSTICAS



O CICLO DA VIOLENCIA

Leonor Walker, en 1979, definiu o maltrato como “un intento por recobrar o poder perdido” e elaborou una teoría explicando como opera o control sobre as mulleres que o sofren nas relacións de parella e os déficits psicolóxicos que ese control xera sobre elas, coartando os procesos de ruptura.

Diferencia tres fases que se repiten sucesivamente nunha estrutura circular na que se intercalan períodos de violencia con períodos de afecto e arrepentimentos, onde cada vez son máis frecuentes os momentos de agresión e menos os de arrepentimento.



COMPRENDER ESTE CICLO É O PRIMEIRO PASO PARA SAIR DEL!!!!!!